

Nome	Obxecto	Contía	Sinatura
Convenio de colaboración coa <i>Fundación Española de Emigrantes Dependentes</i> (Venezuela).	Desenvolvemento do servizo de axuda a domicilio (SAD) destinado ás persoas de orixe galega e aos seus descendentes residentes en Caracas.	60.000 €	31-3-2009
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral da Emigración e o Sindicato Nacional de CC.OO. de Galicia.	Levar a cabo un programa de información, orientación e asesoramento xurídico e socio-laboral para emigrantes retornados e inmigrantes.	27.300 €	1-4-2009
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral da Emigración e a Unión Xeral de Traballadores de Galicia.	Levar a cabo un programa de información, orientación e asesoramento xurídico e socio-laboral para emigrantes retornados e inmigrantes.	27.300 €	1-4-2009
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral da Emigración e a Confederación Intersindical Galega (CIG).	Levar a cabo un programa de información, orientación e asesoramento xurídico e socio-laboral para emigrantes retornados e inmigrantes.	27.300 €	1-4-2009
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral da Emigración e a asociación galega <i>Pro Desarrollo de África (Equus Zebra)</i> .	Desenvolver un programa que lles facilite o acceso á vivenda de aluguer aos inmigrantes extracomunitarios en Galicia.	17.850 €	14-4-2009
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral da Emigración e a entidade Cáritas Diocesana de Ourense.	Desenvolver un programa que lles facilite o acceso á vivenda de aluguer aos inmigrantes extracomunitarios en Galicia.	17.850 €	14-4-2009
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral da Emigración e Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela.	Desenvolver un programa que lles facilite o acceso á vivenda de aluguer aos inmigrantes extracomunitarios en Galicia.	17.850 €	14-4-2009
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral da Emigración e Cáritas Diocesana de Ourense.	Levar a cabo un programa de actuacións conxuntas en materia de atención a emigrantes retornados na provincia de Ourense.	145.000 €	14-4-2009
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral da Emigración e Cáritas Diocesana de Tui-Vigo.	Levar a cabo un programa de actuacións conxuntas en materia de atención a emigrantes retornados e inmigrantes.	122.000 €	14-4-2009
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral da Emigración e Cáritas Diocesana de Tui-Vigo.	Levar a cabo un programa de actuacións conxuntas en materia de atención a emigrantes retornados e inmigrantes.	122.000 €	14-4-2009
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral da Emigración e a <i>Asociación Renacer</i> .	Levar a cabo un programa de actuacións conxuntas en materia de atención a emigrantes retornados e inmigrantes.	50.000 €	14-4-2009
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral da Emigración e a entidade Institución Benéfico-Social Padre Rubinos.	Levar a cabo un programa de actuacións conxuntas en materia de atención a emigrantes retornados e inmigrantes.	38.000 €	14-4-2009
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral da Emigración e a asociación Cáritas Diocesana de Tui-Vigo.	Desenvolver un programa que lles facilite o acceso á vivenda de aluguer aos inmigrantes extracomunitarios en Galicia.	17.850 €	14-4-2009
Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral da Emigración, a <i>Fundación Galicia Emigración</i> e a entidade Cruz Vermella Española.	O desenvolvemento de actuacións de sensibilización, información, orientación e inserción laboral de persoas inmigrantes.	20.000 €	17-4-2009

Resolución do 17 de xuño de 2009, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan as axudas e subvencións correspondentes a diversos programas de actuación en favor das comunidades galegas no exterior para o exercicio 2009.

O Estatuto de autonomía de Galicia reconece ás comunidades galegas asentadas fóra de Galicia o dereito a colaboraren e compartiren a vida social e cultural do pobo galego. A Lei 4/1983, do 15 de xuño, de recoñecemento da galegitude, establece o carácter de comunidades galegas das entidades asociativas sen ánimo de lucro, validamente constituídas e con personalidade xurídica no territorio en que se atopen asentadas, que teñan por obxecto principal nos seus estatutos o mantemento de lazos culturais ou sociais con Galicia.

No Decreto 79/2009, do 19 de abril, que establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 82/2009, do 21 de abril, polo que se establecen os centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, e no Decreto 44/2006, do 2 de marzo, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Emigración configúrase como o órgano superior da Administración da Comunidade Autónoma a que lle corresponden, entre outras, as competencias en materia de desenvolvemento da Lei 4/1983, do 15 de xuño, de recoñecemento da galegitude e as relacións coas comunidades galegas no exterior, así como a elaboración e xestión de programas de axudas e subvencións nas áreas sociais e asistenciais, formativas e culturais e aqueles outros dirixidos á dinamización e capacitación da xuventude integrada nesas comunidades galegas no exterior.

Así mesmo, a disposición adicional segunda do Decreto 44/2006, do 2 de marzo, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, desconcentra no secretario xeral da Emigración a competencia para a aprobación das bases, a convocatoria e a resolución das axudas e subvencións do seu respectivo ámbito de competencia.

Esta resolución abrangue as bases reguladoras e a convocatoria anual das axudas e subvencións destinadas ás entidades galegas no exterior, dentro dos distintos programas previstos para o exercicio 2009.

O procedemento de concesión das axudas e subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva, respectando os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non-discriminación, a que se debe axustar a xestión das subvencións e axudas outorgadas polas administracións públicas.

En virtude do exposto, de conformidade co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da referida Lei 9/2007, na Lei 4/2006, do 30 do xuño, de transparencia e

boas prácticas na Administración pública galega, na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e demais normativa de aplicación, logo de informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Delegada deste órgano,

RESOLVO:

CAPÍTULO I

AXUDAS E SUBVENCIÓNS

SECCIÓN PRIMEIRA

PROGRAMA I. AXUDAS A ENTIDADES GALEGAS NO EXTERIOR PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIOASISTENCIAIS EN FAVOR DAS PERSOAS DE ORIXE GALEGA RESIDENTES NO EXTERIOR E OS SEUS DESCENDENTES

Artigo 1º.-*Obxecto.*

O obxecto deste programa é a concesión de subvencións destinadas ás entidades que, durante o exercicio 2009, presten servizos sanitarios, socioasistenciais ou residenciais, a persoas de orixe galega residentes no exterior que carezan da correspondente cobertura e de medios económicos suficientes para afrontar o seu custo.

Artigo 2º.-*Finalidade das axudas.*

Consonte o obxecto do programa, estas axudas están dirixidas a contribuír ao financiamento de:

1. Gastos de funcionamento de centros hospitalarios, residencias para maiores e centros de convivencia dependentes das entidades galegas do exterior.

2. A concertación de prazas en residencias para maiores e centros hospitalarios que presenten unha acreditada traxectoria na prestación de servizos aos galegos residentes no exterior.

3. Gastos derivados da posta en marcha e desenvolvemento de programas de apoio e atención para o mantemento da autonomía no propio domicilio (asistencia domiciliar) ou outros programas extraordinarios de protección socialasistencial.

4. Achegas, de carácter non periódico, derivadas da prestación de servizos de tipo sanitario e/ou socioasistencial.

A contía individual de cada achega virá limitada polo tope máximo que se estableza no Programa de axudas económicas individuais a galegos residentes no exterior para o exercicio de 2009, que convoque a Secretaría Xeral da Emigración.

Artigo 3º.-*Beneficiarios.*

Poderán ser beneficiarios das axudas establecidas para este programa aquelas entidades galegas que teñan recoñecida a galegitude ou a súa condición de centro colaborador, así como as institucións e asociacións sen fins de lucro radicadas no estranxeiro, legalmente constituídas, que presenten unha acreditada traxectoria na prestación de servizos sanitarios ou de carácter socioasistencial ás persoas de orixe galega residentes no exterior. Entenderase

que a entidade solicitante cumpre este requisito se acredita documentalmente a realización destas prestacións dun xeito continuo, como mínimo durante os últimos tres anos.

Artigo 4º.-*Documentación.*

As entidades interesadas en concorrer ás axudas e subvencións obxecto deste programa deberán presentar a seguinte documentación:

a) Solicitude segundo o modelo normalizado, que figura como anexo I desta resolución.

b) Programa ou memoria descriptiva en que se concreten as actuacións que sen van realizar, o número de beneficiarios de orixe galega que se prevexa atender e, neste caso, o seu grao de necesidade.

c) Orzamento detallado que recolla o custo previsto de realización das actuacións para que se solicita a axuda.

d) Nos supostos sinalados nos puntos 2 e 4 do artigo 2º, os solicitantes deberán achegar a relación dos destinatarios finais das achegas que se pretenden outorgar, en que conste de xeito detallado o seu nome e apelidos, enderezo, provincia galega de orixe e concepto, e contía individual da axuda destinada a cada beneficiario necesitado.

e) Declaración do conxunto das subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade para que se solicita a axuda, das distintas administracións públicas ou de organismos privados ou, se é o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións (modelo anexo IX).

f) Declaración expresa de non estar incurso nas circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modelo anexo IX).

g) Declaración en que conste que a entidade solicitante se encontra ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e de Seguridade Social, e que non ten débedas pendentes coa Comunidade Autónoma de Galicia.

h) Certificación da entidade bancaria en que conste o número de conta e o titular, no caso de que non fose presentada con anterioridade ou se producise algún cambio.

i) Fotocopia do NIF da entidade, ou equivalente segundo o país (CUIT, RIF, CADASTRO,...), sempre que non fose presentado con anterioridade.

j) Para as entidades solicitantes que non estean inscritas no Rexistro de Comunidades Galegas, e coa finalidade de comprobar se cumpren os requisitos necesarios para seren beneficiarias das axudas, informe asinado polo presidente en que se describan detalladamente as accións realizadas nos últimos tres anos e os importes investidos, referidas á prestación de servizos sanitarios ou de carácter socioasistencial dirixidos ás persoas de orixe galega.

Artigo 5º.-Criterios de valoración.

As solicitudes presentadas serán obxecto de valoración de acordo cos seguintes criterios:

1. Interese xeral do programa e calidade técnica, atendendo a criterios técnicos, de adecuación a obxectivos e ao seu carácter innovador: ata 50.

2. Número de residentes de orixe galega do centro ou ingresados nel e orzamento detallado do custo previsto de atención a estas persoas: ata 20 puntos.

3. Número de asociados galegos da entidade e número dos posibles beneficiarios das accións programadas e o grao de necesidade en que se atopan: ata 20 puntos.

4. Emprego da lingua galega na documentación que se presenta: ata 10 puntos.

SECCIÓN SEGUNDA

PROGRAMA 2. AXUDAS PARA PROMOVER A REALIZACIÓN DE EXPOSICIÓN, CONFERENCIAS, CURSOS DE FORMACIÓN E ACTIVIDADES ASOCIATIVAS PROPIAS DAS ENTIDADES GALEGAS NO EXTERIOR

Artigo 6º.-Obxecto.

A través deste programa preténdese fomentar mediante a concesión de axudas a realización durante o exercicio 2009 da programación cultural e formativa dos centros e entidades galegas no exterior e, así mesmo, promover a difusión e preservación do patrimonio cultural de Galicia entre as colectividades de galegos residentes nos lugares de acollida.

Artigo 7º.-Finalidade das axudas.

Ao abeiro deste programa poderanse subvencionar, ademais doutras que se axusten á Lei 4/1983, de recoñecemento da galegitude, a realización de actividades referidas a:

1. Programación anual de actividades culturais e de carácter formativo presentada polos centros e entidades galegas no exterior.

2. Cursos de formación e seminarios (en materias que non sexan subvencionadas a través doutros programas pola Secretaría Xeral da Emigración ou por outro departamento da Xunta de Galicia).

3. Celebración de exposicións e mostras representativas das distintas manifestacións artísticas e culturais levadas a cabo en Galicia.

4. Conferencias, mesas redondas, xornadas e presentacións literarias que contribúan a dinamizar a vida social e cultural das colectividades de galegos no seu lugar de asentamento.

5. Organización de grupos corais, musicais, teatrais e de danza e actividades que estes realicen.

6. Actos conmemorativos do Día das Letras Galegas e do Día Nacional de Galicia.

7. Outros proxectos promovidos polos centros e entidades galegas no exterior que propicien o fomento e difusión da imaxe de Galicia nos lugares de asentamento das comunidades galegas.

Non serán susceptibles de subvención aquelas actividades que teñan carácter exclusivamente gastronómico.

Artigo 8º.-Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios das axudas establecidas para este programa as entidades galegas que teñan recoñecida a galegitude ou a súa condición de centro colaborador, así como aquelas institucións e asociacións sen fins de lucro radicadas no exterior, legalmente constituídas e que contribúan a favorecer a difusión e preservación do patrimonio cultural galego no exterior. Entenderase que a entidade solicitante cumpre este requisito se acredita documentalmente a realización continua de accións de difusión e preservación do patrimonio cultural galego no exterior, como mínimo durante os últimos tres anos.

Artigo 9º.-Documentación.

As entidades interesadas en concorrer ás axudas e subvencións obxecto deste programa deberán presentar a seguinte documentación:

a) Solicitud segundo o modelo normalizado, que figura como anexo II desta resolución.

b) Programa ou memoria descriptiva que recolla as actuacións culturais e formativas que se pretenden realizar neste ano, as súas datas e os lugares previstos de realización.

c) Orzamento detallado que recolla o custo previsto de realización de cada actividade e de todas en conxunto para as cales se solicita a subvención.

d) Declaración do conxunto das subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade para a cal se solicita a axuda, das distintas administracións públicas ou de organismos privados ou, se é o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo normalizado que figura como anexo IX desta resolución.

e) Declaración expresa de non estar incursos nas circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modelo anexo IX).

f) Declaración en que conste que a entidade solicitante se atopa ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e de Seguridade Social, e que non ten débedas pendentes coa Comunidade Autónoma de Galicia.

g) Certificación da entidade bancaria en que conste o número de conta e o titular, no caso de que non fose presentada con anterioridade ou se producise algún cambio.

h) Fotocopia do NIF da entidade, ou equivalente segundo o país (CUIT, RIF, CADASTRO,...), sempre que non fose presentado con anterioridade.

i) Para as entidades solicitantes que non estean inscritas no Rexistro de Comunidades Galegas, e coa finalidade de comprobar se cumpren os requisitos necesarios para ser beneficiarias das axudas, informe asinado polo presidente da entidade en que

se describan detalladamente as accións realizadas nos últimos tres anos e os importes investidos, referidas á difusión e preservación do patrimonio cultural galego no exterior.

Artigo 10º.-Criterios de valoración.

As solicitudes presentadas serán obxecto de valoración de acordo cos seguintes criterios:

1. Interese xeral do programa e calidade técnica, atendendo a criterios técnicos, de adecuación a obxectivos e ao seu carácter innovador: ata 60.

2. Grao de difusión dos valores e do patrimonio cultural galegos que poidan ter as actividades para as que se solicita a subvención: ata 20 puntos.

3. Proxectos compartidos, presentados conxuntamente por dúas ou máis entidades galegas no exterior, co obxecto de acadar un maior impacto na realidade social onde se quere actuar e unha optimización dos recursos dispoñibles: ata 10 puntos.

4. Emprego da lingua galega na realización das actividades: ata 10 puntos.

SECCIÓN TERCEIRA

PROGRAMA 3. AXUDAS PARA A EDICIÓN DE LIBROS, PUBLICACIÓN DE REVISTAS E OUTRAS ACCIÓNS DE CARÁCTER INFORMATIVO

Artigo 11º.-Obxecto.

Este programa ten por obxecto fomentar e potenciar, durante o exercicio 2009, a dinámica cultural dos centros e comunidades galegas no exterior a través da edición de libros, publicación de revistas de carácter periódico, realización de programas de radio e televisión, así como outras accións que contribúan a un mellor coñecemento da realidade e difusión da imaxe de Galicia nos lugares de asentamento das comunidades galegas residentes no exterior.

Artigo 12º.-Finalidade das axudas.

Atendendo ao obxecto sinalado no artigo anterior poderanse subvencionar ao amparo deste programa as accións tendentes:

1. Á edición e difusión de libros ou publicación de revistas periódicas culturais, informativas, económicas, etc. ou boletíns de interese xeral, así como á realización por parte das entidades galegas de programas de radio e televisión dedicados á realidade galega.

2. A promover a conexión das entidades galegas á internet de alta velocidade e o uso do correo electrónico.

3. A fomentar a conexión das entidades galegas ás novas canles de acceso ás televisións galega e española.

Artigo 13º.-Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios das axudas establecidas para este programa as entidades galegas que teñan recoñecida a galeguidade ou a súa condición de centro colaborador, así como aquelas institucións e asociacións sen fins de lucro radicadas no exterior, legalmente constituídas e que contribúan a favore-

cer a difusión e preservación do patrimonio cultural galego no exterior. Entenderase que a entidade solicitante cumpre este requisito se acredita documentalmente a realización continua de accións de difusión e preservación do patrimonio cultural galego no exterior, como mínimo durante os últimos tres anos.

Artigo 14º.-Documentación.

As entidades interesadas en concorrer ás axudas e subvencións obxecto deste programa deberán presentar a seguinte documentación:

a) Solicitude segundo o modelo normalizado, que figura como anexo III desta resolución.

b) Memoria explicativa das accións que se pretenden desenvolver e orzamento dos gastos previstos para a realización das accións para que se solicita a axuda.

c) Declaración do conxunto das subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade para que se solicita a axuda, das distintas administracións públicas ou de organismos privados ou, se é o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo normalizado que figura como anexo IX desta resolución.

d) Declaración expresa de non estar incursos nas circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modelo anexo IX).

e) Declaración en que conste que a entidade solicitante se atopa ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e de Seguridade Social, e que non ten débedas pendentes coa Comunidade Autónoma de Galicia.

f) Certificación da entidade bancaria en que conste o número de conta e o titular, no caso de que non fose presentada con anterioridade ou se producise algún cambio.

g) Fotocopia do NIF da entidade ou equivalente segundo o país (CUIT, RIF, CADASTRO,...), sempre que non fose presentadO con anterioridade.

h) Para as entidades solicitantes que non estean inscritas no Rexistro de Comunidades Galegas, e coa finalidade de comprobar se cumpren os requisitos necesarios para seren beneficiarias das axudas, informe asinado polo presidente en que se describan detalladamente as accións realizadas nos últimos tres anos, e os importes investidos, referidas á difusión e preservación do patrimonio cultural galego no exterior.

Artigo 15º.-Criterios de valoración.

As solicitudes presentadas serán obxecto de valoración de acordo cos seguintes criterios:

1. Interese xeral do programa e calidade técnica, atendendo a criterios técnicos, como a periodicidade, número de exemplares ou programas, calidade destes, custo das edicións ou emisións e emprego do idioma galego: ata 50.

2. Grao de difusión dos valores e do patrimonio cultural galego que poidan ter as actividades para as cales se solicita a subvención: ata 30 puntos.

3. Proxectos compartidos, presentados conxuntamente por dúas ou máis entidades galegas no exterior, co obxecto de acadar un maior impacto na realidade social onde se quere actuar e unha optimización dos recursos dispoñibles: ata 20 puntos.

SECCIÓN CUARTA

PROGRAMA 4. AXUDAS PARA A REALIZACIÓN DE PROXECTOS PROMOVIDOS POLA XUVENTUDE

Artigo 16º.-*Obxecto.*

Este programa ten por obxecto implicar e facer partícipe a xuventude vinculada aos colectivos de galegos residentes no exterior na realización, durante o exercicio 2009, de proxectos creativos, formativos, de participación e de intercambio cultural que fomenten a integración dos mozos e mozas nas estruturas orgánicas das entidades galegas no exterior, propiciando deste xeito a renovación xeracional.

Artigo 17º.-*Finalidade das axudas.*

Ao abeiro deste programa poderanse subvencionar as actividades realizadas polas entidades galegas coa participación dos mozos e mozas e en favor dos membros da colectividade ata os 30 anos de idade, referidas a:

1. Intercambios xuvenís de grupos de mozos e mozas pertencentes ás comunidades galegas para a realización de actividades culturais, musicais, deportivas e sociais.

2. Formación específica dos mozos e mozas para o coñecemento e emprego das novas tecnoloxías da comunicación.

3. Promoción de actividades deportivas, en calquera especialidade, e fomento das escolas deportivas para a promoción do deporte de base.

4. Creación e apoio de grupos de teatro, música e danza.

5. Realización de actividades culturais (cursos, ciclos de conferencias, mostras, ciclos de cine galego ou de teatro, concertos) destinadas especificamente ao colectivo de mozos e mozas da colectividade.

6. Creación de foros de debate e intercambio cultural entre mozos da emigración e mozos galegos, así como entre intelectuais, científicos e expertos en diversos eidos de Galicia e do país onde estes foros teñan lugar.

Artigo 18º.-*Beneficiarios.*

Poderán ser beneficiarios das axudas establecidas para este programa as entidades galegas que teñan recoñecida a galeguidade ou a súa condición de centro colaborador, así como aquelas institucións e asociacións sen fins de lucro radicadas no exterior, legalmente constituídas e que contribúan a favorecer a difusión e preservación do patrimonio cultural galego no exterior. Entenderase que a entidade soli-

citante cumpre este requisito se acredita documentalmente a realización continua de accións de difusión e preservación do patrimonio cultural galego no exterior, como mínimo durante os últimos tres anos.

Estas entidades deberán contar cunha sección ou comisión xuvenil legalmente constituída nos seus órganos de goberno ou ben dispoñer dun grupo de mozos e mozas constituído para o efecto, capaces de xestionaren e desenvolveren as finalidades obxecto de subvención.

Artigo 19º.-*Documentación.*

As entidades interesadas en concorrer ás axudas e subvencións obxecto deste programa deberán presentar a seguinte documentación:

a) Solicitude segundo o modelo normalizado, que figura como anexo IV desta resolución.

b) Memoria explicativa que recolla as actividades promovidas e dirixidas á xuventude que se pretenden realizar neste ano, as súas datas e os lugares previstos de celebración. Esta memoria será elaborada polo responsable da sección xuvenil ou do grupo de mozos organizadores das actividades co visto e prace do presidente da entidade.

c) Orzamento detallado que recolla o custo previsto de realización das actividades para que se solicita axuda.

d) Información completa sobre a identidade, currículo e experiencia de cada un dos mozos organizadores da actividade, así como número e características dos posibles beneficiarios das accións previstas.

e) Certificación do secretario, co visto e prace do presidente, acreditativa de que os mozos e mozas que presentan o proxecto forman parte das seccións ou comisións xuvenís da entidade ou foron nomeados pola xunta directiva para o total desenvolvemento do proxecto.

f) Se é o caso, certificación do secretario, co visto e prace do presidente, acreditativa da presenza de mozos e mozas menores de 30 anos nos órganos directivos da entidade solicitante (cos seus nomes e apelidos, número de DNI ou documento similar e cargo que ocupa na entidade).

g) Declaración do conxunto das subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade para que se solicita a axuda, das distintas administracións públicas ou de organismos privados ou, se é o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo normalizado que figura como anexo IX desta resolución.

h) Declaración expresa de non estar incursos nas circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modelo anexo IX).

i) Declaración en que conste que a entidade solicitante se encontra ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e de Seguridade Social, e que non ten débedas pendentes coa Comunidade Autónoma de Galicia.

j) Certificación da entidade bancaria en que conste o número de conta e o titular, no caso de que non fose presentada con anterioridade ou se producise algún cambio.

k) Fotocopia do NIF da entidade, ou equivalente segundo o país (CUIT, RIF, CADASTRO,...), sempre que non fose presentado con anterioridade.

l) Para as entidades solicitantes que non estean inscritas no Rexistro de Comunidades Galegas, e coa finalidade de comprobar se cumpren os requisitos necesarios para seren beneficiarias das axudas, informe asinado polo presidente en que se describan detalladamente as accións realizadas nos últimos tres anos e os importes investidos, referidas á difusión e preservación do patrimonio cultural galego no exterior.

Artigo 20º.-*Criterios de valoración.*

As solicitudes presentadas serán obxecto de valoración de acordo cos seguintes criterios:

1. Interese xeral do programa e calidade técnica, atendendo a criterios técnicos, de adecuación aos obxectivos de participación dos mozos e mozas, e ao seu carácter innovador: ata 50 puntos.

2. Grao de difusión dos valores e do patrimonio cultural galego que poidan ter as actividades para as cales se solicita a subvención: ata 20 puntos.

3. Grao de integración de mozos e mozas menores de 30 anos nas estruturas orgánicas da entidade solicitante: ata 10 puntos.

4. Proxectos compartidos, presentados conxuntamente por dúas ou máis entidades galegas no exterior, co obxecto de acadar un maior impacto na realidade social onde se quere actuar e unha optimización dos recursos dispoñibles: ata 10 puntos.

5. Emprego da lingua galega na realización das actividades: ata 10 puntos.

SECCIÓN QUINTA

PROGRAMA 5. AXUDAS PARA O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE FUNCIONAMENTO DAS ENTIDADES GALEGAS NO EXTERIOR

Artigo 21º.-*Obxecto.*

Este programa ten por obxecto a concesión de axudas para contribuír ao financiamento dos gastos correntes ou de funcionamento de carácter periódico en que incorran os centros e entidades galegas existentes fóra de Galicia durante o exercicio 2009 e que resulten necesarios para o mantemento da súa actividade ordinaria.

Artigo 22º.-*Finalidade das axudas.*

Poderanse subvencionar ao amparo deste programa os gastos derivados de:

1. O arrendamento de inmobles que se utilicen, en todo caso, como sede habitual e permanente das entidades galegas solicitantes, sempre que a entidade non dispoña de locais ou instalacións en propiedade susceptibles de seren utilizados do xeito indicado.

2. Outros gastos correntes que soporte a entidade, como son os derivados da adquisición de subministracións non inventariables (material de oficina, prensa, revistas ou material informático non inventariable), comunicacións telefónicas, luz, auga e outros gastos de carácter similar incluídos dentro do capítulo II da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

3. Gastos de desprazamento dos representantes legais das entidades e centros galegos no exterior con motivo das reunións e sesións de traballo convocadas oficialmente pola Secretaría Xeral da Emigración.

Artigo 23º.-*Beneficiarios.*

Poderán ser beneficiarios das axudas establecidas para este programa as entidades galegas que teñan recoñecida a galegitude ou a súa condición de centro colaborador, así como aquelas institucións e asociacións sen fins de lucro radicadas no exterior, legalmente constituídas e que contribúan a favorecer a difusión e preservación do patrimonio cultural galego no exterior. Entenderase que a entidade solicitante cumpre este requisito se acredita documentalmente a realización continua de accións de difusión e preservación do patrimonio cultural galego no exterior, como mínimo durante os últimos tres anos.

Artigo 24º.-*Documentación.*

As entidades interesadas en concorrer ás axudas obxecto deste programa deberán presentar a seguinte documentación:

a) Solicitude segundo o modelo normalizado que figura como anexo V desta resolución.

b) Memoria da entidade en que conste o número de asociados da entidade solicitante e a importancia e repercusión das actividades culturais, formativas e/ou socioasistenciais realizadas por aquela nos dous últimos anos e a previsión para o ano 2009.

c) Orzamento detallado que recolla os custos previstos neste ano para cada concepto de gasto.

d) De non atoparse debidamente actualizado o exemplar que xa conste na Secretaría Xeral da Emigración, copia cotexada do contrato oficial de aluguer do local que sirva de sede habitual e permanente da entidade solicitante e copia do xustificante de pagamento da mensualidade referente ao mes anterior á presentación da solicitude de axuda.

e) Declaración do conxunto de todas as subvencións solicitadas ou concedidas, para a mesma acción para que se solicita a axuda, das distintas administracións públicas ou de organismos privados ou, se é o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo normalizado que figura como anexo IX desta resolución.

f) Declaración expresa de non estar incurso nas circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modelo anexo IX).

g) Declaración en que conste que a entidade solicitante se encontra ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e de Seguridade Social, e que non ten débedas pendentes coa Comunidade Autónoma de Galicia.

h) Certificación da entidade bancaria en que conste o número de conta e o titular, no caso de que non fose presentada con anterioridade ou se producise algún cambio.

i) Fotocopia do NIF da entidade, ou equivalente segundo o país (CUIT, RIF, CADASTRO,...), sempre que non fose presentado con anterioridade.

j) Para as entidades solicitantes que non estean inscritas no Rexistro de Comunidades Galegas, e coa finalidade de comprobar se cumpren os requisitos necesarios para seren beneficiarias das axudas, informe asinado polo presidente en que se describan detalladamente as accións realizadas nos últimos tres anos e os importes investidos, referidas á difusión e preservación do patrimonio cultural galego no exterior.

Artigo 25º.-*Criterios de valoración.*

As solicitudes presentadas serán obxecto de valoración de acordo cos seguintes criterios:

1. Número de asociados da entidade solicitante e importancia e repercusión das actividades culturais, formativas e/ou socioasistenciais realizadas por aquela nos dous últimos anos e o programa para o ano 2009: ata 70 puntos.

2. Número de entidades galegas existentes na cidade onde estea situado o centro solicitante da subvención, valorándose positivamente os supostos en que exista unha única entidade que aglutine toda a colectividade de galegos residentes na respectiva cidade: ata 20 puntos.

3. Emprego da lingua galega na realización das actividades: ata 10 puntos.

SECCIÓN SEXTA

PROGRAMA 6. AXUDAS PARA A CONTRATACIÓN DE GRUPOS DE MÚSICA, DE TEATRO E OUTRAS MANIFESTACIÓNS CULTURAIS

Artigo 26º.-*Obxecto.*

Este programa ten por obxecto a concesión de axudas para contribuír ao financiamento dos gastos derivados da contratación por parte das entidades e centros galegos no exterior, durante o exercicio 2009, de grupos de música, de teatro e para a realización doutras actividades que contribúan a promover e difundir as distintas manifestacións representativas do patrimonio cultural de Galicia.

Artigo 27º.-*Finalidade das axudas.*

Atendendo ao obxecto sinalado no artigo anterior, poderanse subvencionar ao amparo deste programa as accións tendentes a:

1. Contratación de grupos ou formacións de música, de danza, bandas e corais, que estean domiciliadas ou que teñan a súa residencia en Galicia.

2. Contratación de compañías teatrais de autor, de monicreques ou de espectáculos de maxia, que estean domiciliadas ou que teñan a súa residencia en Galicia.

3. Realización doutras actividades que contribúan a promover e difundir as distintas manifestacións representativas do patrimonio cultural de Galicia.

Artigo 28º.-*Beneficiarios.*

Poderán ser beneficiarios das axudas establecidas para este programa as entidades galegas que teñan recoñecida a galegitude ou a súa condición de centro colaborador, así como aquelas institucións e asociacións sen fins de lucro radicadas no exterior, legalmente constituídas e que contribúan a favorecer a difusión e preservación do patrimonio cultural galego no exterior. Entenderase que a entidade solicitante cumpre este requisito se acredita documentalmente a realización continua de accións de difusión e preservación do patrimonio cultural galego no exterior, como mínimo durante os últimos tres anos.

Artigo 29º.-*Documentación.*

As entidades interesadas en concorrer ás subvencións e axudas obxecto deste programa deben presentar a seguinte documentación:

a) Solicitud, segundo o modelo normalizado que figura como anexo VI desta resolución.

b) Memoria explicativa que abrangue os seguintes puntos: traxectoria cultural da entidade solicitante e os motivos que fundamentaron a elección da actividade proposta, descrición da actividade que se pretenda realizar e data prevista de celebración.

c) Orzamento detallado que comprenda o custo das actuacións culturais que se van desenvolver.

d) Declaración do conxunto de todas as subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade para que se solicita a axuda, das distintas administracións públicas ou de organismos privados ou, se é o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo normalizado que figura como anexo IX desta resolución.

e) Declaración expresa de non estar incurso nas circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modelo anexo IX).

f) Declaración en que conste que a entidade solicitante se atopa ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e de Seguridade Social, e que non ten débedas pendentes coa Comunidade Autónoma de Galicia.

g) Certificación da entidade bancaria en que conste o número de conta e o titular, no caso de que non fose presentada con anterioridade ou se producise algún cambio.

h) Fotocopia do NIF da entidade, ou equivalente segundo o país (CUIT, RIF, CADASTRO,...), sempre que non fose presentado con anterioridade.

i) Para as entidades solicitantes que non estean inscritas no Rexistro de Comunidades Galegas, e coa

finalidade de comprobar se cumpren os requisitos necesarios para seren beneficiarias das axudas, informe asinado polo presidente en que se describa detalladamente as accións realizadas nos últimos tres anos e os importes investidos, referidas á difusión e preservación do patrimonio cultural galego no exterior.

Artigo 30º.-Criterios de valoración.

A solicitudes presentadas serán obxecto de valoración de acordo cos seguintes criterios:

1. Interese xeral do programa e calidade técnica, atendendo ao contido da memoria explicativa prevista na alínea b) do artigo anterior: ata 50 puntos.
2. Grao de difusión dos valores e do patrimonio cultural galegos que poidan ter as actividades para as cales se solicita a subvención: ata 20 puntos.
3. Actuacións ou representacións solicitadas conxuntamente por dúas ou máis entidades ou centros galegos no exterior: ata 20 puntos.
4. Emprego da lingua galega na realización das actividades: ata 10 puntos.

SECCIÓN SÉTIMA

PROGRAMA 7. AXUDAS PARA A SUBSCRICIÓN A PUBLICACIÓNS E REVISTAS DE CARÁCTER PERIÓDICO

Artigo 31º.-Obxecto.

Este programa ten por obxecto a concesión de axudas ás entidades e centros galegos no exterior para a subscripción a publicacións e revistas de carácter periódico, durante o exercicio 2009, que contribúan a subministrar información aos galegos residentes no exterior.

Artigo 32º.-Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios das axudas establecidas para este programa as entidades galegas que teñan recoñecida a galegitude ou a súa condición de centro colaborador, así como aquelas institucións e asociacións sen fins de lucro radicadas no exterior, legalmente constituídas e que contribúan a favorecer a difusión e preservación do patrimonio cultural galego no exterior. Entenderase que a entidade solicitante cumpre este requisito se acredita documentalmente a realización continua de accións de difusión e preservación do patrimonio cultural galego no exterior, como mínimo durante os últimos tres anos.

Artigo 33º.-Documentación.

- a) Solicitud, segundo o modelo normalizado que figura como anexo VII desta resolución.
- b) Memoria explicativa que motive as subscripcións que se pretenden realizar durante o ano 2009, uso e difusión delas.
- c) Orzamento detallado que recolla o custo das subscripcións durante o ano 2009.

d) Declaración do conxunto de todas as subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade para que se solicita a axuda, das distintas administracións públicas ou de organismos privados ou, se é o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións,

segundo o modelo normalizado que figura como anexo IX desta resolución.

e) Declaración expresa de non estar incursos nas circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modelo anexo IX).

f) Declaración en que conste que a entidade solicitante se atopa ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e de Seguridade Social, e que non ten débedas pendentes coa Comunidade Autónoma de Galicia.

g) Certificación da entidade bancaria en que conste o número de conta e o titular, no caso de que non fose presentada con anterioridade ou se produciuse algún cambio.

h) Fotocopia do NIF da entidade, ou equivalente segundo o país (CUIT, RIF, CADASTRO,...), sempre que non fose presentado con anterioridade.

i) Para as entidades solicitantes que non estean inscritas no Rexistro de Comunidades Galegas, e coa finalidade de comprobar se cumpren os requisitos necesarios para seren beneficiarias das axudas, informe asinado polo presidente en que se describan detalladamente as accións realizadas nos últimos tres anos e os importes investidos, referidas á difusión e preservación do patrimonio cultural galego no exterior.

Artigo 34º.-Criterios de valoración.

A solicitudes presentadas serán obxecto de valoración, de acordo cos seguintes criterios:

1. Memoria explicativa que motive as subscripcións que se pretenden realizar durante o ano 2009, uso e difusión das mesmas: ata 40 puntos.
2. Dispoñibilidade dentro do local propio ou en alugamento como sede habitual e permanente da entidade solicitante dun espazo para os usuarios interesados nas publicacións: ata 20 puntos.
3. Número de asociados da entidade solicitante: ata 30 puntos.
4. Emprego da lingua galega na realización das actividades: ata 10 puntos.

SECCIÓN OITAVA

PROGRAMA 8. AXUDAS PARA A ADAPTACIÓN DOS NOMES E REFORMA DOS ESTATUTOS DAS ENTIDADES GALEGAS NO EXTERIOR

Artigo 35º.-Obxecto.

Este programa ten por obxecto a concesión de axudas ás entidades e centros galegos no exterior para sufragar os gastos de asesoría, notariais e rexistrals derivados da adaptación dos seus nomes e da reforma dos seus estatutos, que se realicen durante o exercicio 2009.

Artigo 36º.-Finalidade das axudas.

Atendendo ao obxecto sinalado no artigo anterior, poderanse subvencionar ao amparo deste programa as accións tendentes a:

1. Sufragar, en todo ou en parte, os gastos de asesoría, notariais e rexistrals derivados da adaptación dos

nomes das entidades galegas no exterior á Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística de Galicia, que no seu artigo 10.1º establece que os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega.

2. Contribuír a financiar, en todo ou en parte, os gastos de asesoría, notariais e rexistrais derivados da inclusión na denominación das entidades galegas no exterior da palabra Galicia ou dalgunha das súas derivacións, así como os que se orixinen pola adaptación dos seus estatutos aos requisitos establecidos pola lexislación autonómica vixente reguladora da materia.

Artigo 37º.-Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios das axudas establecidas para este programa as entidades galegas que teñan recoñecida a galegitude ou a súa condición de centro colaborador, así como aquelas institucións e asociacións sen fins de lucro radicadas no exterior, legalmente constituídas e que contribúan a favorecer a difusión e preservación do patrimonio cultural galego no exterior. Entenderase que a entidade solicitante cumpre este requisito se acredita documentalmente a realización continua de accións de difusión e preservación do patrimonio cultural galego no exterior, como mínimo durante os últimos tres anos.

Artigo 38º.-Documentación.

a) Solicitude, segundo o modelo normalizado que figura como anexo VIII desta resolución.

b) Certificación actual do acordo adoptado pola xunta directiva da entidade solicitante en que se recolla a decisión de adaptar o nome da entidade ou dos seus estatutos de acordo co establecido no artigo 36.

c) Fotocopia cotexada dos estatutos da entidade onde se recolla a súa denominación e contido actual, sempre que non fosen presentados con anterioridade.

d) Orzamento detallado que recolla o custo da adaptación.

e) Declaración do conxunto de todas as subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade para que se solicita a axuda, das distintas administracións públicas competentes ou de organismos privados ou, se é o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo normalizado que figura como anexo IX desta resolución.

f) Declaración expresa de non estar incurso nas circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modelo anexo IX).

g) Declaración en que conste que a entidade solicitante se encontra ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e de Seguridade Social, e que non ten débedas pendentes coa Comunidade Autónoma de Galicia.

h) Certificación da entidade bancaria en que conste o número de conta e o titular, no caso de que non fose presentada con anterioridade ou se producise algún cambio.

i) Fotocopia do NIF da entidade, ou equivalente segundo o país (CUIT, RIF, CADASTRO,...), sempre que non fose presentado con anterioridade.

j) Para as entidades solicitantes que non estean inscritas no Rexistro de Comunidades Galegas, e coa finalidade de comprobar se cumpren os requisitos necesarios para seren beneficiarias das axudas, informe asinado polo presidente en que se describan detalladamente as accións realizadas nos últimos tres anos e os importes investidos, referidas á difusión e preservación do patrimonio cultural galego no exterior.

Artigo 39º.-Criterios de valoración.

As solicitudes presentadas serán obxecto de valoración, de acordo cos seguintes criterios:

1. Entidades galegas que teñan recoñecida a galegitude ou a condición de centro colaborador: ata 70 puntos.

2. Número de asociados de orixe galega da entidade solicitante: ata 20 puntos.

3. Emprego da lingua galega: ata 10 puntos.

CAPÍTULO II

DISPOSICIÓNS XERAIS: FINANCIAMENTO, COMPETENCIA E PROCEDIMENTO

Artigo 40º.-Financiamento.

Para a concesión das axudas previstas nesta resolución resérvase inicialmente un crédito total de 1.000.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 04.50.312C.481.0.-Axudas a entidades no ámbito das migracións, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, podendo incrementarse a devandita contía de acordo coas disponibilidades orzamentarias e como consecuencia das circunstancias sinaladas no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Artigo 41º.-Órganos competentes.

1. A ordenación e instrución dos procedementos correspondentes aos programas de axudas establecidos na presente resolución corresponderá ao Servizo de Promoción dos Centros e Comunidades galegas da Subdirección Xeral de Centros e Comunidades Galegas.

2. O órgano competente para resolver as solicitudes de axudas e subvencións presentadas ao abeiro desta resolución será o secretario xeral da Emigración.

Artigo 42º.-Solicitudes e prazo.

1. As solicitudes de axudas e subvencións dirixíranse ao órgano competente, Secretaría Xeral da Emigración (rúa dos Basquiños, 2. 15704 Santiago de Compostela-A Coruña), e presentaranse por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro. A documentación presentada, no caso das entidades galegas, deberá ser asinada polo

secretario co visto e prace do presidente ou, noutro caso, polos representantes legais das institucións e asociacións solicitantes.

En casos excepcionais, que serán valorados e apreciados pola Secretaría Xeral da Emigración en función da situación do país en que radique, as entidades solicitantes quedarán exentas de presentar a certificación bancaria exixida como documentación preceptiva para cada programa previsto na presente resolución.

2. O prazo de presentación de solicitudes será de un mes contado a partir do día seguinte á publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

3. De acordo co establecido no artigo 20.5º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na presente orde, o órgano competente requirirá a entidade solicitante para que a repare no prazo máximo e improrrogable de dez días, e indicarlle que, se non o fixer, terase por desistido da súa solicitude, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. Na tramitación e resolución das solicitudes de subvencións, correspondentes a unha mesma entidade, relativas a un ou a varios programas incluídos nesta resolución, a Secretaría Xeral da Emigración, tendo en conta as súas finalidades, poderá acordar, cando proceda, o seguinte:

a) Acumular nun único expediente as solicitudes presentadas en varios programas, de acordo co artigo 73 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

b) Incluír unha solicitude noutro programa distinto do que se presenta.

c) No caso de solicitudes que inclúan finalidades correspondentes a máis dun programa, a súa inclusión no programa que se considere principal, de acordo coa análise desas finalidades.

Artigo 43º.-Procedemento de concesión da subvención.

1. O procedemento para a tramitación e concesión das axudas que se convocan por esta resolución axustarase ao procedemento de concorrencia competitiva previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da referida Lei 9/2007 e demais normativa de aplicación.

2. Correspóndelle á Secretaría Xeral da Emigración a realización das tarefas de xestión desta con-

vocatoria, sempre de acordo coa existencia de disponibilidades orzamentarias. Para isto, crearase unha comisión de avaliación, presidida polo subdirector/a xeral de Xestión de Centros e Comunidades Galegas, e composta polos seguintes membros:

-O/a xefe/a do Servizo de Promoción dos Centros e Comunidades Galegas.

-O/a xefe/a do Servizo de Tramitación de Axudas aos Centros e Comunidades Galegas.

-Un/unha funcionario/a da subdirección que actuará como secretario/a.

En caso de ausencia dalgún dos membros integrantes da comisión de avaliación, poderá ser substituído pola persoa que para o efecto designe o secretario xeral da Emigración.

3. Os expedientes serán avaliados, segundo os criterios establecidos para cada programa de axudas, polo órgano colexiado establecido no número anterior, que deberá emitir informe en que se concrete o resultado da avaliación efectuada, podendo establecer unha puntuación mínima para ser beneficiaria da axuda.

4. O/a subdirector/a xeral de Centros e Comunidades Galegas, á vista do expediente e do informe do órgano colexiado, formulará a proposta de resolución, que se presentará ao secretario xeral da Emigración, quen resolverá dentro das disponibilidades orzamentarias.

Artigo 44º.-Resolución.

1. As resolucións serán ditas polo órgano competente e notificadas aos interesados. A Secretaría Xeral da Emigración publicará no *Diario Oficial de Galicia* as subvencións de contía igual ou superior a 3.000 euros concedidas a través desta convocatoria, indicando o programa e o crédito orzamentario a que se imputan, beneficiario, cantidade concedida e finalidade para a cal se outorgou a axuda.

Ademais, e de conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Secretaría Xeral de Emigración publicará na súa páxina web www.galiciaaberta.com a relación dos beneficiarios e os importes das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e para a súa publicación na citada páxina web.

2. O prazo máximo para resolver será de seis meses, que comezará a contar desde a data de publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido o dito prazo sen que se ditasen as resolucións expresas, poderán entenderse desestimadas as solicitudes, de acordo co establecido no artigo 23.5º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe

interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que as ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación, no caso de resolucións expresas, ou no prazo de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se entenda producido o acto presunto, de acordo co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Así mesmo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación, no caso de resolucións expresas, ou no prazo de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se entenda producido o acto presunto, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 45º.-Xustificación e pagamento.

1. A acción subvencionada deberá ser executada e xustificada antes do 30 de novembro de 2009, agás causa xustificada que será avaliada pola Secretaría Xeral de Emigración.

2. Previamente ao pagamento do importe da subvención concedida, os beneficiarios de axudas deberán remitirle á Secretaría Xeral da Emigración, antes do prazo sinalado, a seguinte documentación xustificativa:

a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

b) Factura ou facturas orixinais, ou ben fotocopias cotexadas por funcionario público competente, acreditativas dos gastos subvencionables.

A acreditación dos gastos tamén poderá efectuarse mediante facturas electrónicas, sempre que cumpran os requisitos exixidos para a súa aceptación no ámbito tributario.

c) Certificación do secretario da entidade beneficiaria, co visto e praxe do seu presidente, en que conste que cada unha das facturas presentadas como xustificación corresponden a gastos realizados pola entidade en execución da actividade subvencionada.

d) Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, e a data de emisión. No caso de que a subvención se outorgue de acordo cun orzamento estimado, indicaranse as desviacións (pode utilizarse o modelo que figura como anexo X desta resolución).

e) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas -tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución- para as mesmas accións para as se concedeu a subvención, das

distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, segundo o modelo normalizado que figura como anexo XI desta resolución.

f) Declaración asinada polo presidente e polo secretario da entidade, segundo a desagregación que aparece no anexo XI desta resolución, que acredite o financiamento das accións subvencionadas que foron realizadas (pode usarse o modelo que figura no referido anexo XI).

g) Declaración responsable de que a entidade solicitante se encontra ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas, e de Seguridade Social, así como que non ten débedas pendentes coa Comunidade Autónoma de Galicia (pode usarse o modelo que figura como anexo XI á presente resolución).

h) No suposto establecido no punto 4, do artigo 2º, correspondente ao Programa de axudas para a prestación de servizos socioasistenciais, as entidades beneficiarias deberán presentar a relación das axudas finalmente concedidas asinada polo presidente e secretario, así como os respectivos recibos individuais asinados polos destinatarios finais das axudas, nos cales conste o nome e apelidos da persoa necesitada, enderezo, provincia galega de orixe, concepto e contía individual da axuda.

i) Para o programa Accións informativas, edición de libros e publicación de revistas, no caso de edicións ou publicacións deberase enviar un exemplar do libro, revista ou publicación no que deberá figurar en lugar visible a colaboración da Secretaría Xeral da Emigración.

j) Para o programa 8 Axudas para a adaptación dos nomes e reforma dos estatutos das entidades galegas no exterior, achegarase copia compulsada dos novos estatutos do respectivo centro ou entidade unha vez adaptados.

k) Se é o caso, carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como dos xuros derivados destes.

3. De conformidade co establecido no artigo 29.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considerarase gasto realizado o que sexa debidamente certificado e xustificado mediante a presentación das correspondentes facturas ou documentos con valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil.

4. As subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con calquera outra que puidese ser concedida para a mesma finalidade. Non obstante, o importe da axuda en ningún caso poderá superar, illadamente ou en concorrencia con subvencións doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, o custo da acción que levou a cabo o beneficiario.

5. A documentación presentada polos beneficiarios, no caso das entidades galegas, deberá ser asinada polo secretario co visto e prace do presidente, e polos representantes das institucións e asociacións solicitantes nos demais casos.

Unha vez resolto o expediente e, para acadar unha maior operatividade deste tipo de axudas, poderán efectuarse pagamentos parciais ou acordarse anticipos dos importes concedidos ata a contía máxima permitida de acordo co establecido no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, suxeitos aos requisitos que se establecen nesta lei e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento. O resto do importe librarase no momento de completar a xustificación por parte dos beneficiarios do cumprimento da finalidade para a cal se concedeu a axuda e demais condicións exixidas nesta resolución.

6. Sen prexuízo do establecido no artigo seguinte e de acordo con artigo 57 do Decreto 11/2009, a comprobación formal para a liquidación da subvención poderá limitarse aos documentos establecidos nas alíneas 2.a), d), e) e g) deste artigo. Neste suposto a revisión das facturas ou documentos de valor probatorio análogo que, se é o caso, formen parte da conta xustificativa deberán ser obxecto de comprobación nos catro anos seguintes.

Artigo 46º.-*Xustificación simplificada.*

Para aquelas subvencións concedidas por un importe inferior a 30.000 € a xustificación conterá a seguinte información:

a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

b) Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe e a data de emisión. No caso de que a subvención se outorgue de acordo cun orzamento estimado, indicaranse as desviacións producidas (pode utilizarse o modelo que figura como anexo X desta resolución).

c) Un detalle doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do importe e a súa procedencia, segundo o modelo normalizado que figura como anexo XI desta resolución.

d) Se é o caso, carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como dos xuros derivados destes.

A Secretaría Xeral da Emigración, a través das técnicas de mostraxe que determine o secretario xeral da Emigración e de acordo cos requisitos que para estes efectos determine a Consellería de Facenda, comprobará os xustificantes que considere oportunos e que permitan obter evidencia razoable sobre a adecuada aplicación da subvención; para este fin

poderase requirir ao beneficiario a remisión dos xustificantes de gasto seleccionados.

Artigo 47º.-*Requisitos.*

De acordo co artigo 60 da Lei 30/1992, a realización dos requisitos que procedan poderanse efectuar por medio de publicación no taboleiro de anuncios da Secretaría Xeral da Emigración e na páxina web galiciaaberta.com.

A eficacia dos citados requisitos será a partir das devanditas publicacións. Sen prexuízo do anterior, a Secretaría Xeral da Emigración poderá comunicar os requisitos ao enderezo de correo electrónico, sempre que se indique na solicitude e, entenderase cumprido este trámite coa realización da comunicación nun só intento. Así mesmo, debe significarse que os prazos de dez días computaranse desde a publicación dos requisitos e non desde a súa comunicación.

Artigo 48º.-*Obrigas dos beneficiarios.*

Con carácter xeral, os beneficiarios das axudas e subvencións correspondentes aos programas convocados pola presente resolución quedan obrigados a:

1. Someterse aos requisitos legais e regulamentarios que recolla a normativa xeral de aplicación ás axudas e subvencións da Xunta de Galicia, en concreto as recollidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como ás actuacións de comprobación que respecto da xestión de fondos pode efectuar o departamento concedente, ás de control financeiro que realice a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e aos procedementos fiscalizadores do Consello de Contas e do Tribunal de Contas.

2. Se, por calquera motivo, a actuación programada non se puider realizar, deberáselle comunicar á Secretaría Xeral da Emigración, que poderá dispoñer do citado crédito para subvencionar proxectos inicialmente non atendidos ou aumentar a axuda doutros subvencionados parcialmente.

Non debe considerarse que incorre en incumprimento o beneficiario que realice parcialmente o proxecto ou actividade que é obxecto da subvención por falta de financiamento propio, sempre que a actividade subvencionada sexa esencialmente divisible e poida considerarse cumprida a finalidade que fundamentou a concesión da subvención.

3. As entidades beneficiarias de axudas ou subvencións recollidas nesta resolución quedarán obrigadas á difusión do financiamento por parte da Secretaría Xeral da Emigración nos actos, documentación e publicacións que realicen, por calquera medio, con motivo da actuación subvencionada.

No suposto establecido no punto 3 e 4 do artigo 2º, correspondente ao Programa de axudas para a prestación de servizos socioasistenciais, a Secretaría Xeral da Emigración poderá comunicar directamente as persoas físicas destinatarias das achegas a con-

cesión da respectiva axuda outorgada pola respectiva entidade socioasistencial.

4. O solicitante presta o seu consentimento para incluír e facer públicos, no rexistro público de axudas, subvencións e convenios e no rexistro público de sancións, creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas.

Os datos referidos integrarán un ficheiro cuxo responsable será a Consellería de Facenda, ante quen se poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

Salvo nos casos sinalados no artigo 9.4º do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a non autorización da obtención de datos ou a súa publicidade, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou subvención ou, se procede, ao reintegro do importe concedido.

De conformidade co disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos nas solicitudes deste programa serán incorporados a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. As entidades solicitantes poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito á Secretaría Xeral da Emigración como responsable do ficheiro, no enderezo que figura ao pé da solicitude.

Así mesmo, a entidade solicitante autoriza expresamente á Secretaría Xeral da Emigración, no ámbito das súas competencias, a ceder os datos persoais dos seus asociados a aqueles organismos da Administración xeral do Estado con competencias similares na materia co fin de colaborar no exercicio das funcións que lle sexan propias.

5. A Secretaría xeral da Emigración poderá requirir calquera outra documentación ou dato adicional que considere necesario para completar o expediente ou para unha mellor valoración deste.

6. De conformidade co establecido no artigo 65.4º e 5º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as entidades beneficiarias desta resolución non estarán obrigadas a constituír garantía.

Artigo 49º.-Modificación da resolución de concesión e revogación.

1. As entidades beneficiarias das axudas quedan obrigadas a comunicar á Secretaría Xeral da Emigración, no momento en que se produza, calquera

alteración dos requisitos exixidos na convocatoria ou de circunstancias sobrevidas que impidan ou dificulten a execución das accións subvencionadas, podendo a Secretaría Xeral adoptar a resolución de modificación da concesión ou de revogación que corresponda.

2. Procederá a revogación das axudas e subvencións, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de mora, nos casos e nos termos previstos nos artigos 33 e seguintes, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Unha vez ditada a resolución de concesión o beneficiario poderá solicitar, antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade, a modificación do seu contido, de concorreren circunstancias que alterasen substancialmente as condicións tidas en conta para a concesión da subvención a criterio da Secretaría Xeral da Emigración.

Artigo 50º.-Devolución voluntaria.

De acordo co establecido no artigo 64 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e cando proceda o reintegro da subvención, a entidade beneficiaria poderá devolver voluntariamente os pagamentos percibidos mediante o seu ingreso na correspondente conta bancaria da Secretaría Xeral da Emigración. O importe da devolución incluírá os xuros de demora previstos legalmente ata o momento en que se produciu a devolución efectiva por parte da entidade.

Artigo 51º.-Instrucións e aclaracións.

A Secretaría Xeral da Emigración poderá ditar as instrucións e aclaracións precisas para o desenvolvemento, cumprimento e xestión desta resolución.

Artigo 52º.-Recursos.

Contra esta resolución cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Así mesmo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 16 de xuño de 2009.

J. Santiago Camba Bouzas
Secretario xeral da Emigración



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA

ANEXO I

PROCEDEMENTO AXUDAS A ENTIDADES GALEGAS NO EXTERIOR PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIOASISTENCIAIS EN FAVOR DAS PERSOAS DE ORIXE GALEGA RESIDENTES NO EXTERIOR E OS SEUS DESCENDENTES	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PR924A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

NOME E APELIDOS		DNI OU NIF	
ENDEREZO PARTICULAR		LOCALIDADE/PROVINCIA	
PAIS	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO DE CONTACTO	CARGO NA ENTIDADE

ENTIDADE QUE REPRESENTA

NOME		NIF, CIF, RIF, CUIT...	
ENDEREZO		LOCALIDADE/PROVINCIA	
PAIS		CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO DE CONTACTO
ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE COMUNICACIÓNS		FAX	Nº SOCIOS GALEGOS
CORREO ELECTRÓNICO		TELÉFONO PARA OS MESMOS EFECTOS	

BREVE DESCRICIÓN DAS ACCIÓNS PARA QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN

--

FINALIDADE E IMPORTE DA SOLICITUDE

FINALIDADE <input type="checkbox"/> FUNCIONAMENTO DE CENTROS HOSPITALARIOS, RESIDENCIAS PARA MAIORES E CENTROS DE CONVIVENCIA.		<input type="checkbox"/> PROGRAMAS DE APOIO PARA ASISTENCIA DOMICILIARIA OU PROGRAMAS EXTRAORDINARIOS DE PROTECCIÓN SOCIO-ASISTENCIAL.	
<input type="checkbox"/> CONCERTO PRAZAS RESIDENCIAS DE MAIORES E CENTROS HOSPITALARIOS.		<input type="checkbox"/> ACHEGAS NON PERIÓDICAS A PERSOAS DE ORIXE GALEGA, DERIVADAS DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS SANITARIOS E SOCIOASISTENCIAIS.	
NÚMERO DE BENEFICIARIOS PREVISTO		IMPORTE DA SUBVENCIÓN QUE SOLICITA (EN EUROS)	

FORMA DE PAGAMENTO

CERTIFICACIÓN BANCARIA: <input type="checkbox"/> PRESÉNTASE CERTIFICACIÓN BANCARIA <input type="checkbox"/> XA FOI PRESENTADA CON ANTERIORIDADE
MOTIVO POLO QUE NON SE ACHEGA: <div style="border: 1px solid black; height: 40px;"></div>

CUSTO DAS ACCIÓNS PARA QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN

CONCEPTO		IMPORTE (EN EUROS)
A)CUSTO:	1) <input type="text"/>	<input type="text"/>
	2) <input type="text"/>	<input type="text"/>
	3) <input type="text"/>	<input type="text"/>
	TOTAL CUSTO ESTIMADO:	<input type="text"/>
B)FINANCIAMENTO:	1) POR CONTA DA ENTIDADE:	<input type="text"/>
	2) AXUDAS DOUTRAS INSTITUCIÓNS OFICIAIS:	<input type="text"/>
	3) OUTROS:	<input type="text"/>
	4) AXUDA SOLICITADA Á SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN:	<input type="text"/>
	TOTAL FINANCIAMENTO PREVISTO (IGUAL AO CUSTO ESTIMADO)	<input type="text"/>

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA COA SOLICITUDE (MARCAR CUN X O QUE CORRESPONDA)

PROGRAMA/MEMORIA DESCRIPTIVA DA/S ACTUACIÓN/S (DEBERÁ INCLUIR O NÚMERO DE GALEGOS QUE SE PRETENDA ATENDER DURANTE O ANO 2009)

ORZAMENTO DETALLADO (CUSTO PREVISTO DAS ACCIÓNS PROGRAMADAS)

RELACIÓN DOS BENEFICIARIOS POTENCIAIS DAS ACHEGAS, CO SEU NOME, APELIDOS, ENDEREZO, PROVINCIA GALEGA DE ORIXE E CONCEPTO E CONTÍA INDIVIDUAL (SUPOSTOS DO ART. 2, PUNTOS 2º E 4º)

DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS CONCEDIDAS E/OU SOLICITADAS

DECLARACIÓN DE NON ESTAR INCURSO NAS CIRCUNSTANCIAS PREVISTAS NO ART. 10 DA LEI 9/2007, DE SUBVENCIÓNS DE GALICIA

DECLARACIÓN EN QUE CONSTE QUE A ENTIDADE SOLICITANTE SE ENCONTRA AO DÍA NAS SÚAS OBRIGAS TRIBUTARIAS ESTATAIS E AUTONÓMICAS E DE SEGURIDADE SOCIAL, E QUE NON TEN DÉBEDAS PENDENTES OA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

CERTIFICACIÓN DA ENTIDADE BANCARIA

FOTOCOPIA DO NIF, CIF, RIF... DA ENTIDADE

Quen abaixo asina DECLARA QUE presta expresamente o seu consentimento para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do art. 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, se publiquen as subvencións concedidas ao abeiro desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmoo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

CERTIFICAMOS A VERACIDADE DE TODOS OS DATOS CONTIDOS NESTA SOLICITUDE E DECLARAMOS QUE A ENTIDADE SOLICITANTE SE ENCONTRA AO DÍA NAS SÚAS OBRIGAS TRIBUTARIAS ESTATAIS E AUTONÓMICAS E DE SEGURIDADE SOCIAL, ASÍ COMO QUE NON TEN DÉBEDAS PENDENTES COA COMUNIDADE AUTÓNOMA. PORÉN, DE SER NECESARIO, AUTORIZÁSE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN PARA QUE SOLICITE E CONSIGA DOS ORGANISMOS CORRESPONDENTES A INFORMACIÓN NECESARIA AO RESPECTO.

ASÍ MESMO, AUTORIZÁSE EXPRESAMENTE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN, NO ÁMBITO DAS SÚAS COMPETENCIAS, PARA CEDER OS DATOS PERSOAIS DOS SEUS ASOCIADOS A AQUELES ORGANISMOS DA ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO CON COMPETENCIAS SIMILARES NA MATERIA CO FIN DE COLABORAR NO EXERCICIO DAS FUNCIÓNS QUE LLE SEXAN PROPIAS.

Lugar e data

_____, de _____ de _____

VISTO E PRACE
O/A PRESIDENTE/A (SELO DA ENTIDADE) O/A SECRETARIO/A

Asdo.: _____ Asdo.: _____
(NOME E APELIDOS) (NOME E APELIDOS)



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA

ANEXO II

PROCEDEMENTO AXUDAS PARA PROMOVER A REALIZACIÓN DE EXPOSICIÓNS, CONFERENCIAS, CURSOS DE FORMACIÓN E ACTIVIDADES ASOCIATIVAS PROPIAS DAS ENTIDADES GALEGAS NO EXTERIOR	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PR924B	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	------------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

NOME E APELIDOS		DNI OU NIF	
ENDEREZO PARTICULAR		LOCALIDADE/PROVINCIA	
PAÍS	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO DE CONTACTO	CARGO NA ENTIDADE

ENTIDADE QUE REPRESENTA

NOME			NIF, CIF, RIF, CUIT...	
ENDEREZO		LOCALIDADE/PROVINCIA		Nº TOTAL DE SOCIOS
PAÍS	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO DE CONTACTO	FAX	Nº SOCIOS GALEGOS
ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE COMUNICACIÓNS			TELÉFONO PARA OS MESMOS EFECTOS	
CORREO ELECTRÓNICO				

BREVE DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES PARA QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN

--

FINALIDADE E IMPORTE DA SOLICITUDE

<input type="checkbox"/> PROGRAMACIÓN ANUAL DE ACTIVIDADES CULTURAIS E FORMATIVAS	<input type="checkbox"/> ORGANIZACIÓN DE GRUPOS CORAIS, MUSICAIS, TEATRAIS E DE DANZA E AS SÚAS ACTIVIDADES
<input type="checkbox"/> CURSOS DE FORMACIÓN E SEMINARIOS	<input type="checkbox"/> ACTOS CONMEMORATIVOS DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS E DO DÍA NACIONAL DE GALICIA
<input type="checkbox"/> EXPOSICIÓNS E MOSTRAS DE MANIFESTACIÓNS ARTÍSTICAS E CULTURAIS DE GALICIA	<input type="checkbox"/> OUTROS PROXECTOS
<input type="checkbox"/> CONFERENCIAS, MESSAS REDONDAS, XORNADAS, PRESENTACIÓNS LITERARIAS	
IMPORTE DA SUBVENCIÓN QUE SOLICITA (EN EUROS)	
<input type="text"/>	

FORMA DE PAGAMENTO

CERTIFICACIÓN BANCARIA: <input type="checkbox"/> PRESÉNTASE CERTIFICACIÓN BANCARIA <input type="checkbox"/> XA FOI PRESENTADA CON ANTERIORIDADE
MOTIVO POLO QUE NON SE ACHEGA: <input type="text"/>

CUSTO DAS ACTIVIDADES PARA QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN

CONCEPTO		IMPORTE (EN EUROS)
A) CUSTO:	1) <input type="text"/>	<input type="text"/>
	2) <input type="text"/>	<input type="text"/>
	3) <input type="text"/>	<input type="text"/>
	TOTAL CUSTO ESTIMADO:	<input type="text"/>
B) FINANCIAMENTO:	1) POR CONTA DA ENTIDADE:	<input type="text"/>
	2) AXUDAS DOUTRAS INSTITUCIÓNS OFICIAIS:	<input type="text"/>
	3) OUTROS:	<input type="text"/>
	4) AXUDA SOLICITADA Á SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN:	<input type="text"/>
	TOTAL FINANCIAMENTO PREVISTO (IGUAL AO CUSTO ESTIMADO)	<input type="text"/>

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA COA SOLICITUDE (MARCAR CUN X O QUE CORRESPONDA)

PROGRAMA/MEMORIA DESCRIPTIVA DA/S ACTIVIDADE/S QUE SE PRETENDEN REALIZAR NESTE ANO (INCLUÍNDO DATAS E LUGARES PREVISTOS DE REALIZACIÓN)

ORZAMENTO DETALLADO (CUSTO PREVISTO DAS ACTIVIDADES PROGRAMADAS)

DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS CONCEDIDAS E/OU SOLICITADAS

DECLARACIÓN DE NON ESTAR INCURSO NAS CIRCUNSTANCIAS PREVISTAS NO ART. 10 DA LEI 9/2007, DE SUBVENCIÓNS DE GALICIA

DECLARACIÓN EN QUE CONSTE QUE A ENTIDADE SOLICITANTE SE ENCONTRA AO DÍA NAS SÚAS OBRIGAS TRIBUTARIAS ESTATAIS E AUTONÓMICAS E DE SEGURIDADE SOCIAL, E QUE NON TEN DÉBEDAS PENDENTES COA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

CERTIFICACIÓN DA ENTIDADE BANCARIA

FOTOCOPIA DO NIF, CIF, RIF... DA ENTIDADE

Quen abaixo asina DECLARA QUE presta expresamente o seu consentimento para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do art. 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmoo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

CERTIFICAMOS A VERACIDADE DE TODOS OS DATOS CONTIDOS NESTA SOLICITUDE E DECLARAMOS QUE A ENTIDADE SOLICITANTE SE ENCONTRA AO DÍA NAS SÚAS OBRIGAS TRIBUTARIAS ESTATAIS E AUTONÓMICAS E DE SEGURIDADE SOCIAL, ASÍ COMO QUE NON TEN DÉBEDAS PENDENTES COA COMUNIDADE AUTÓNOMA. PORÉN, DE SER NECESARIO, AUTORIZÁSE Á SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN PARA QUE SOLICITE E CONSIGA DOS ORGANISMOS CORRESPONDENTES A INFORMACIÓN NECESARIA AO RESPECTO

ASÍ MESMO, AUTORIZÁSE EXPRESAMENTE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN, NO ÁMBITO DAS SÚAS COMPETENCIAS, PARA CEDER OS DATOS PERSOAIS DOS SEUS ASOCIADOS A AQUELES ORGANISMOS DA ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO CON COMPETENCIAS SIMILARES NA MATERIA CO FIN DE COLABORAR NO EXERCICIO DAS FUNCIÓNS QUE LLE SEXAN PROPIAS.

Lugar e data

_____, de _____ de _____

VISTO E PRACE
O/A PRESIDENTE/A

(SELO DA ENTIDADE)

O/A SECRETARIO/A

Asdo.:
(NOME E APELIDOS)

Asdo.:
(NOME E APELIDOS)



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA

ANEXO III

PROCEDEMENTO AXUDAS PARA A EDICIÓN DE LIBROS, PUBLICACIÓN DE REVISTAS E OUTRAS ACCIÓNS DE CARÁCTER INFORMATIVO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PR924G	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

NOME E APELIDOS		DNI OU NIF	
ENDEREZO PARTICULAR		LOCALIDADE/PROVINCIA	
PAÍS	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO DE CONTACTO	CARGO NA ENTIDADE

ENTIDADE QUE REPRESENTA

NOME		NIF,CIF,RIF,CUIT...	
ENDEREZO		LOCALIDADE/PROVINCIA	
PAÍS	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO DE CONTACTO	FAX
ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE COMUNICACIÓNS		TELÉFONO PARA OS MESMOS EFECTOS	
CORREO ELECTRÓNICO			

BREVE DESCRICIÓN DAS ACCIÓNS PARA QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN

--

FINALIDADE E IMPORTE DA SOLICITUDE

FINALIDADE <input type="checkbox"/> EDICIÓN E DIFUSIÓN DE LIBROS E PUBLICACIÓN DE REVISTAS OU BOLETÍNS. EMISIÓN DE PROGRAMAS DE RADIO E TELEVISIÓN		
<input type="checkbox"/> CONEXIÓNS A INTERNET/ USO DO CORREO ELECTRÓNICO <input type="checkbox"/> CONEXIÓNS ÁS NOVAS CANLES DE ACCESO ÁS TV. GALEGA E ESPAÑOLA		
IMPORTE DA SUBVENCIÓN QUE SOLICITA (EN EUROS)		

TÍTULO OU DENOMINACIÓN	PERIODICIDADE	Nº EXEMPLARES OU PROGRAMAS

FORMA DE PAGAMENTO

CERTIFICACIÓN BANCARIA: <input type="checkbox"/> PRESÉNTASE CERTIFICACIÓN BANCARIA
MOTIVO POLO QUE NON SE ACHEGA:

CUSTO DAS ACCIÓNS PARA QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN

CONCEPTO		IMPORTE (EN EUROS)
A) CUSTO:	1) <input type="text"/>	<input type="text"/>
	2) <input type="text"/>	<input type="text"/>
